

**VII CONCURSO DE PROXECTOS  
EMPRESARIAIS INNOVADORES**

**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA**

**RELACIÓN DE GAÑADORES**

Patrocinan:



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
Dirección Xeral de  
Promoción do Emprego







**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN  
E INDUSTRIA  
Dirección Xeral de Investigación,  
Desenvolvemento e Innovación



**CÁTEDRA UNESCO**  
Innovación y gestión de la cultura  
empresadora en el marco universitario  
Director: Carlos Fernández Sande

## DATOS ESTADÍSTICOS





## 1º PREMIO: HEALTH IN CODE

### EQUIPO PROMOTOR

O equipo promotor do proxecto é multidisciplinar e nel están representados profesionais cun perfil tanto científico como empresarial:

**Dr. Alfonso Castro Beiras.** Doutor en Medicina pola Universidade Autónoma de Madrid e Licenciado en Medicina pola USC.

**Dr. Ángel Carracedo Álvarez.** Catedrático de Medicina Legal (USC) e Doutor en Medicina pola USC.

**Profesor William J McKenna.** Completou un “Bachelor of Arts Degree” na Universidade de Yale e graduouse pola McGill University Medical School en medicina interna en Montreal.

**Dr. Lorenzo Montserrat Iglesias.** Licenciado en Medicina pola USC, especialista en cardioloxía polo Hospital Juan Canalejo, Doutor en Medicina pola UDC. Diplomatura de Postgrao en Deseño e Estatística en Ciencias da Saúde pola facultade de Psicoloxía da Universidade Autónoma de Barcelona.

**Dr. Manuel Hermida Prieto.** Doutor en Bioloxía pola USC.

**Dr. Javier Muñoz García.** Doutor en Medicina e Cirurxía pola USC. Máster en Epidemioloxía pola Universidade de Texas.

**Dra. María Brión Martínez.** Doutora en Medicina e Cirurxía pola USC e Licenciada en Bioloxía pola USC.

**Javier Colás Fustero.** Enxeñeiro de Telecomunicacións pola Universidade de Alcalá de Henares e ETSIT da UP de Madrid.

### RESUMO DO PROXECTO

Health in Code (HIC) é unha empresa de base tecnolóxica creada a partires dun grupo de investigación desenvolvido conxuntamente entre o Instituto de Ciencias da Saúde da Universidade de A Coruña e o Grupo de Medicina Genómica da Universidade de Santiago de Compostela.

A empresa está especializada no diagnóstico xenético molecular de cardiopatías. A actividade centrase inicialmente no diagnóstico da Miocardiopatía Hipertrófica (MCH), para posteriormente abordar o diagnóstico doutras enfermidades que xunto coa MCH constitúen as principais enfermidades cardiovasculares de causa xenética relacionadas coa morte súbita. O produto resultante será un informe de diagnóstico da enfermidade que levará incorporada a información clínica asociada e recomendacións a seguir para o tratamento da mesma, o que permitirá identificar as mutacións asociadas á enfermidade de forma rápida, fiable e económica ademais, proporcionará toda a información clínica relevante asociada a cada unha das mutacións identificadas.

No aspecto tecnolóxico, Health in Code, xa probou dúas plataformas de xenotipado de alta capacidade e baixo custo (Snplex e Sequenom) e decidiu desenvolver un diagnóstico baseado en Sequenom e apoiado pola secuenciación directa. Non obstante cabe destacar que o diagnóstico xenético é un campo onde a tecnoloxía está en continua evolución, polo que non se descartan melloras.

Por outro lado, indicar que o sistema de recollida e xestión da información debe considerarse tamén unha ferramenta innovadora de grande utilidade e que nestes momentos non ten competencia.

## 2º PREMIO: INNOLACT, S.L.

### EQUIPO PROMOTOR:

O equipo promotor está constituído por 28 socios, vinculados á APL ben como integrantes do equipo humano da Aula de Produtos Lácteos ou como colaboradores da mesma. A continuación describimos o currículo dos principais membros estratéxicos da empresa:

**Jesús Zapico Vigo:** Enxeñeiro Técnico Agrícola, especialidade de Industrias Agrarias (Escola Universitaria de Enxeñería Técnica Agrícola de Lugo); Enxeñeiro Agrónomo, especialidade Industrias Agroalimentarias (Escola Técnica Superior de Enxeñería Agraria de Lleida); Director Xeral de INNOLACT.

**Sergio Martínez Alonso:** Enxeñeiro Agrónomo da Escola Politécnica Superior da USC. Diplôme supérieure d'études agronomiques, especialización Tecnología Alimentaria (ENSAR-Francia); Enxeñeiro Técnico en Industrias Agrarias e Alimentarias (USC).

**José Luis Antuña Alvarez:** Técnico Superior en Ciencias da Empresa (Universidade de Oviedo); MBA- Escola Europea de Negocios.

**Juan Francisco Méndez Dónega:** Enxeñeiro Técnico Agrícola (USC); Diploma de Estudios Superiores en Lechería (Escuela Nacional Superior de Lechería de Nancy-Francia); Prof. Titular Escola Politécnica da USC; coordinador da APL.

**José Ángel Carballeira Fernández:** Enxeñeiro Agrónomo da Escola Politécnica Superior da USC; Enxeñeiro Técnico en Industrias Agrarias e Alimentarias.

**Santiago Argüeso Armesto:** Enxeñeiro Técnico Superior Industrial, especialidade de Automática e Electrónica (Universidade de Vigo).

**Efrén Arias Jordán:** Profesor titular de Informática na Escola de Empresariais de Lugo;

**José Luís Rodríguez Otero:** Profesor Titular de Hixiene e Inspección de Alimentos da Facultade de Veterinaria de Lugo.

**Javier Berterreche Álvarez:** Enxeñeiro Químico (Uruguai).

## RESUMO DO PROXECTO

INNOLACT, S.L. trátase dunha Spin-off do grupo de investigación da Aula de Produtos Lácteos (APL) da USC. Ten por obxecto a produción e comercialización dunha gama de produtos baseados no queixo crema (denominación legal: queixo branco pasteurizado) en base a unha nova tecnoloxía de produción que inclúe o uso de co- produtos da industria láctea, de alto valor funcional e baixo custe, combinado coa utilización de novas tecnoloxías de produción que permiten un uso máis eficiente das materias primas, da enerxía e da obtención de novos produtos. A empresa foi cualificada como Iniciativa de Base tecnolóxica pola Xunta de Galicia e conta, a través do programa Neotec, co apoio do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e Industrial (CDTI).

A gama de produtos que se pretenden comercializar pódese agrupar nas seguintes categorías:

- Produtos básicos: similares en calidade aos existentes no mercado, pero obtidos mediante unha tecnoloxía de produción que favorece a obtención de vantaxes competitivas.
- Produtos novos, especialmente deseñados para o uso culinario ou como ingrediente industrial dos mesmos
- Produtos baixos en graxas que manteñan o carácter Premium característico dos queixos crema.
- Alimentos funcionais con beneficios para a saúde máis alá do aporte nutricional básico.

## 3º PREMIO: XESTIONARTE, S.L.

### EQUIPO PROMOTOR

O equipo promotor está constituído por 3 socios, dous deles socios traballadores:

**David Chao Castro.** Doutor en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela. Acadou dúas licenciaturas en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela, unha na especialidade de Historia da Arte Antigo e Medieval e outra en Museoloxía.

**Verónica Santos Farto.** Licenciada pola Universidade de Santiago de Compostela en Xeografía e Historia nas especialidades de: Historia da Arte, Xeografía e Historia de Galicia e Historia da Arte Moderno e Contemporáneo.( Socia traballadora)

**Rafael Ángel Lens Villaverde.** Posúe dúas licenciaturas: Licenciado en *Bellas Artes* na especialidade de Escultura pola Universidade de Vigo e Licenciatura en Xeografía e Historia na especialidade de Arte Moderno e Contemporáneo pola USC.

### RESUMO DO PROXETO

Xestionarte, S.L. defínese como unha empresa que ofrece servizos integrais para a Cultura e o Patrimonio na área xeográfica de Galicia.

Os principais servizos que ofrecen clasifícanse nos seguintes:

- Xestión integral de Exposicións.
- Desenvolvemento de proxectos de posta en valor do Patrimonio Histórico Artístico.
- Asesoría na xestión e compra venda de bens artísticos e culturais: asesoramento a coleccionistas, catalogación de obras artísticas, asesoramento a Concellos, Deputacións e outros organismos públicos, peritaxe e taxación de obras de arte e antigüidades, así como organización e xestión de eventos culturais.

Os clientes aos que se dirixen son principalmente: Administracións Públicas (41%), Empresas (30%), particulares (17%), Fundacións (10%), e outros (2%).

Os promotores definen a innovación do seu servizo no proceso de execución do mesmo, caracterizado pola utilización das novas tecnoloxías e pola oferta de servizos integrais no ámbito da xestión cultural.



## PREMIO EMPRESA XOVE: GREEN SOLUTIONS CHEMICALS, S.L.

### EQUIPO PROMOTOR

Green Solutions está constituída por 11 socios :

**Emilio José González Gómez.** Licenciado en CC. Químicas pola Universidade de Vigo e administrador solidario da empresa.

**Ana M. Rodríguez Rodríguez.** Licenciada en CC. Químicas pola USC

**Beatriz Prudencia Orge Álvarez.** Licenciada en CC Químicas pola USC, doutorado da Universidade de Vigo

**Aranzazu Estefanía Orge Álvarez.** Licenciada en Dereito pola Universidade de Vigo.

**Yagamare Fall Diop.** Licenciado en Enxeñería Química pola Universidade de Strasbourg, doutorado pola Universidade de París XI.

**M<sup>a</sup> de los Ángeles Domínguez Santiago.** Licenciada en Enxeñería Química pola USC, doutorado da Universidade de Vigo.

**Emilia Tojo Suárez.** Doutora en CC. Químicas pola USC.

**Gabriel Tojo Suárez.** Doutor en CC. Químicas pola USC.

**Francisco de Borja Santamaría Barral.** Doutor en CC. Químicas pola Universidade de Vigo e administrador solidario da empresa.

**Jorge Tojo Varela** (datos académicos non facilitados)

**Ramón José Estévez Cabanas** (datos académicos non facilitados)

### RESUMO DO PROXECTO

Green Solutions Chemical, S.L. nace como empresa no ano 2006, froito da unión de esforzos dun grupo multidisciplinar de investigadores das áreas de enxeñería Química e Química Orgánica da Universidade de Vigo e baixo o apoio de institucións como: a Universidade de Vigo, a Universidade de Santiago de Compostela, o CSIC e a Xunta de Galicia. Foi cualificada como IEBT en maio de 2006 e conta cun préstamo participativo convertible concedido pola entidade de capital risco Unirisco.

A empresa pretende levar a cabo a síntese e comercialización de líquidos iónicos, así como a prestación de servizos de I+D, deseño e síntese de novos produtos non comercializados ata o momento, e que pola súa estrutura ou características, puideran ser de interese en determinadas liñas de investigación ou procesos industriais, desenvolvendo liñas de I+D baseadas non só na síntese de novos líquidos senón tamén na búsqueda de aplicacións a nivel industrial.

A empresa presenta aspectos claramente innovadores tanto polo sector de traballo como pola elaboración de reactivos de gran pureza.

Conta cunha inversión inicial entornando aos 31.500 €, cunha plantilla de 2 traballadores e unha facturación prevista de 45.000 € durante os seis primeiros meses de actividade.

## PREMIO MULLER: AMALLÓS CONSULTARÍA

### EQUIPO PROMOTOR

O equipo promotor deste proxecto está integrado por 2 licenciadas en Psicoloxía e con formación especializada en Psicoloxía do Deporte e a Actividade Física:

**Eva María García Quinteiro.** Licenciada en Psicoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela. Máster Preparación Psicolóxica para o Deporte e a Actividade Física da Universidade de Santiago de Compostela.

**Graciela Lois Río.** Licenciada en Psicoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela. Máster en preparación Psicolóxica para o Deporte e a Actividade Física da Universidade de Santiago de Compostela.

### RESUMO DO PROXECTO

A idea do proxecto xorde ante a carencia dun servizo especializado e exclusivo para atender a crecente demanda de atención en aspectos psicolóxicos que se solicitan dende o mundo do deporte e a actividade física en xeral.

Amallós Consultaría pretende cubrir, por unha banda, as necesidades insatisfeitas no mundo do deporte de especialistas en Psicoloxía do deporte e a actividade física, cun ámbito de prestación localmente definido e que a longo prazo incorpore outros especialistas significativos no mundo do deporte (médicos deportivos, fisioterapeutas...) e por outra banda a creación dunha empresa con carácter innovador que satisfaga o oco de mercado para ofertar todos os servizos que se demanden dende calquera institución de carácter público ou privado que garde relación, directa ou indirecta, co deporte e nas que sexa necesario, entre outras a implantación de plans de saúde.

A empresa está interesada fundamentalmente en potenciar un entorno favorable para a práctica deportiva e mellorar a calidade de vida dos individuos mediante: Asesoramento, plans de formación, desenvolvemento de programas específicos, avaliación do contexto, optimización de recursos, desenvolvemento de competencias, orientación.

A actividade principal da consultaría centrase en ofrecer servizos como os seguintes:

- Detección de avaliación das demandas dos deportistas e o seu entorno.
- Avaliación da satisfacción dos usuarios de instalacións deportivas.
- Elaboración de propostas de mellora da eficiencia dos servizos deportivos.
- Adestramento psicolóxico: desenvolvemento e mantemento das habilidades psicolóxicas implicadas no deporte.

- Asesoramento en plans de preparación deportiva para a optimización de resultados dos deportistas.
- Elaboración e aplicación de programas formativos e de asesoramento psicológico.
- Actuacións destinadas ao fomento da práctica deportiva na poboación en xeral (creación e desenvolvemento de campañas específicas)
- Información e asesoramento ás persoas implicadas no deporte base.
- Traballos de investigación.